

ACTA N.º 02 / 2023

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO PROVINCIAL DE TURISMO

DATA	Martes, 12 de SETEMBRO de 2023
HORA	09:30 horas
LUGAR	Salón de Plenos do Pazo Provincial de San Marcos (Lugo)
ASISTENTES	<ul style="list-style-type: none"> • PRESIDENTE: PABLO RIVERA CAPÓN • SECRETARIO: ALEJANDRO MASEDA MALLO • GRUPO PROVINCIAL PSDG: MAYRA GARCÍA BERMÚDEZ (TITULAR) • GRUPO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR: ANTONIO AMEIJIDE OSORIO (TITULAR) • GRUPO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR: CARMEN JOSÉ LÓPEZ RODRÍGUEZ (TITULAR) • GRUPO PROVINCIAL BNG: IRÍA CASTRO FERNÁNDEZ (TITULAR)- • ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO NA PROVINCIA DE LUGO: ÁNGEL TRABADA GÓMEZ (TITULAR) • FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO: JOSÉ MARÍA SEIJAS LÓPEZ (TITULAR) • AUXILIA: MARÍA NURIA NEIRA VILA (SUPLENTE)

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do Consello de Turismo celebrada con data 17 de febreiro de 2023.

2.-Estudo, análise e valoración das candidaturas aos Premios de Turismo 2023.

	IV7P4ILSCFXTYVNOVUV46QIPEQ	Fecha y Hora	14/09/2023 14:05:24
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Firmado por	ALEJANDRO MASEDA MALLO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7P4ILSCFXTYVNOVUV46QIPEQ	Página	1/3



No Salón de Plenos do Pazo de San Marcos, sendo as nove e corenta e cinco horas do 12 de setembro de 2023, reúnen os membros do Consello de Turismo relacionados co obxecto de celebrar en segunda convocatoria a sesión extraordinaria do Consello de Turismo convocada ao efecto baixo a Presidencia de Pablo Rivera Capón, quen actúa por delegación expresa da Presidencia da Corporación, motivada na imposibilidade de asistir á sesión, existindo unha delegación de representación ditada a tal efecto en data do 7 de setembro do 2023.

Actúa como Secretario Alejandro Maseda Mallo, en substitución do Secretario Xeral e de conformidade coa habilitación normativa contida no artigo 5 do Regulamento do Consello de Turismo da Provincia de Lugo, publicado no BOP número 202, do 5 de maio do 2018, existindo a tales efectos unha resolución de Presidencia de data do 12 de setembro do 2023.

Iniciada a sesión, toma a palabra Pablo Rivera Capón, desculpando a ausencia do Presidente da Deputación e da Deputada da Área de Réxime Interior Promoción do Territorio e Turismo e dá paso aos asuntos contemplados na orde do día:

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do Consello de Turismo celebrada con data 17 de febreiro de 2023.

Pregúntase aos asistentes se desexan realizar algunha puntualización relativa á acta. Ao non pórse de manifesto ningunha cuestión sométese a votación, quedando aprobada por maioría simple con tres votos a favor de Pablo Rivera Capón, Mayra García Bermúdez e José María Seijas López e con cinco abstencións correspondentes a Antonio Ameijide Osorio, Carmen José López Rodríguez, Iría Castro Fernández, María Nuria Neira Vila e Ángel Trabada Gómez.


2.-Estudo, análise e valoración das candidaturas aos Premios de Turismo 2023.

Toma a palabra Pablo Rivera Capón, indicando que xa é habitual a convocatoria destes premios nas súas tres categorías, tal e como se recollen nas bases: Premios Lugo Cambia ao Turismo lucense, Premios ...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense e o Premio ao Turismo Sostible. No prazo de presentación de candidaturas foi recibida unha única solicitude vinculada á modalidade de premios á gastronomía lucense correspondente á Asociación de Empresarios de Muimenta, concretamente á Festa da Filloa, que está declarada Festa de Interese de Turístico Galego. Revisada a documentación polos servizos pertinentes e cumprindo todos os requisitos, sinala que esta candidatura encaixa ben na filosofía destes galardóns.

Preguntados os asistentes en relación coa candidatura recibida, non se mostrou ningunha posición desfavorable, polo que o Consello acordou por unanimidade propoñer a concesión do Premio ...E para comer...Lugo á Gastronomía Lucense á candidatura da Asociación de empresarios de Muimenta.

Tralo acordo de concesión do premio, toma a palabra Antonio Ameijide Osorio, en representación do grupo provincial do Partido Popular, sinalando que a súa postura é favorable ao outorgamento do premio á Festa da Filloa, pero quere pór de manifesto o feito de que só houberse unha candidatura aos galardóns, preguntando se faltou difusión para que chegase a convocatoria a máis interesados ou incluso por que o propio goberno provincial non fixo máis por intentar acadar máis candidaturas.

	IV7P4ILSCFXTYVNOVUV46QIPEQ	Fecha y Hora	14/09/2023 14:05:24
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Firmado por	ALEJANDRO MASEDA MALLO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7P4ILSCFXTYVNOVUV46QIPEQ	Página	2/3



Pablo Rivera Capón sinala que, cando se realiza unha convocatoria deste tipo, agárdase que haxa unha concorrencia ampla. Ben é certo que coincidiu cun período postelectoral onde aínda non estaba configurado o goberno provincial e non se coñecía a distribución das áreas. De todos os xeitos, fai constar que dende o propio servizo están tratando de facer unha revisión da convocatoria para facela máis atractiva. Ademais, indica que tamén se analizaron varias propostas para estes premios, pero non cumprían os requisitos. Reitera novamente que é coñecedor que dende o Servizo de Turismo estase revisando a formulación destes premios e está convencido de que esta situación non volverá a acontecer.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 09:50 horas.

Vº. e pr.

O Presidente,

O Secretario,

P.D. PABLO RIVERA CAPÓN

ALEJANDRO MASEDA MALLO

	IV7P4ILSCFXYVNOVUV46QIPEQ	Fecha y Hora	14/09/2023 14:05:24
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN		
Firmado por	ALEJANDRO MASEDA MALLO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7P4ILSCFXYVNOVUV46QIPEQ	Página	3/3

